

Salarios desde o punto de vista do perceptor: Estrutura dos salarios

Resumo de resultados 21/05/2021

ÍNDICE

Estrutura do salario bruto anual	1
Estrutura do salario medio mensual	2
Definicións, fontes e máis información	3

Estrutura do salario bruto anual

Ao existir pagamentos con período de vencemento superior ao mes, para comparar niveis salariais emprégase o salario anual. No ano 2018 o salario bruto anual situouse en Galicia nos 22.244,59 euros por traballador, un 10,14 % superior ao do ano 2014 (20.195,90 euros).

Por sexos, no ano 2018 o salario dos homes é un 27,04 % maior que o salario das mulleres, mentres que no ano 2014 o salario dos homes era un 26,45 % maior respecto ao salario das mulleres.



O salario ordinario é a partida que máis contribúe ao salario bruto, do que representa no ano 2018 o 90,00 %, mentres que os pagamentos extraordinarios e a valoración en especie só representan nese ano o 9,77 % e o 0,23 % respectivamente. No caso dos homes o salario ordinario representa o 89,59 % do salario bruto mentres que nas mulleres esta porcentaxe acada o 90,54 %.

Composición do salario bruto anual por sexo. Galicia.

Unidade: Euros

Compoñentes	2014			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Salario bruto	20.195,9	22.505,1	17.797,0	22.244,59	24.826,91	19.543,17
Pagamentos extraordinarios	2.364,8	2.738,9	1.976,2	2.172,22	2.515,14	1.813,48
Valoración en especie	41,3	56,8	25,1	52,11	68,21	35,27
Salario ordinario	17.789,8	19.709,4	15.795,6	20.020,26	22.243,56	17.694,42

(Salario bruto = Salario ordinario + Pagamentos extraordinarios + Valoración en especie)


**Composición do salario bruto anual.
Galicia. Ano 2014.**

**Composición do salario bruto anual.
Galicia. Ano 2018.**


En Galicia, no ano 2018, o salario bruto anual foi un 7,35 % menor que a media española (24.009,12 euros).

**Composición do salario bruto anual.
España e Galicia. Ano 2018**

Unidade: Euros

Compoñentes	España	Galicia
Salario bruto	24.009,12	22.244,59
Pagamentos extraordinarios	2.358,87	2.172,22
Valoración en especie	109,12	52,11
Salario ordinario	21.541,13	20.020,26



Estrutura do salario medio mensual

Para analizar a composición do salario segundo os conceptos retributivos pártese do salario mensual medio que, en cifras brutas, acadou no ano 2018 en Galicia o valor de 1.681,22 euros (1.866,34 euros no caso dos homes e 1.487,57 euros no caso das mulleres).

O salario mensual bruto está composto polo salario base, os complementos salariais, os pagamentos extraordinarios e os pagamentos por horas extraordinarias. O salario base é a compoñente principal do salario bruto mensual, do que representa o 69,71 % en 2018, seguido dos complementos salariais, que supoñen un 27,31 % do salario bruto.

O salario neto obtense a partir do salario mensual bruto despois de deducir as cotizacións á Seguridade Social a cargo do traballador e as retencións do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). No ano 2018 este acadou en Galicia o valor de 1.344,62 euros mensuais, 1.474,39 euros no caso dos homes e 1.208,85 euros no das mulleres. En media, as cotizacións á Seguridade Social e as retencións do IRPF representan no ano 2018 o 20,02 % do salario bruto mensual dos galegos.

Composición do salario bruto mensual. Galicia.


Unidade: Euros

Compoñentes	2014			2018		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Salario base	1.106,6	1.220,7	988,1	1.172,06	1.288,09	1.050,69
· Complementos salariais	422,4	462,8	380,4	459,11	507,37	408,62
· Pagamentos por horas extraordinarias	4,5	7,3	1,6	9,15	14,39	3,67
Salario ordinario	1.533,5	1.690,8	1.370,1	1.640,32	1.809,85	1.462,98
· Pagamentos extraordinarios	19,0	18,8	19,2	40,90	56,49	24,59
Salario bruto	1.552,5	1.709,6	1.389,2	1.681,22	1.866,34	1.487,57
· Cotizacións á Seguridade Social	101,5	112,6	90,0	106,87	117,52	95,74
· Retencións IRPF	223,6	262,8	182,9	229,73	274,43	182,98
Salario neto	1.227,4	1.334,2	1.116,4	1.344,62	1.474,39	1.208,85

(Salario ordinario = Salario base+Complementos salariais+Pagamentos por horas extraordinarias)

Salario bruto = Salario ordinario+Pagamentos extraordinarios

Salario neto = Salario bruto-Cotizacións á Seguridade Social-Retencións IRPF)



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Composición do salario bruto anual segundo o xénero. Galicia, España e provincias
- Composición do salario medio mensual segundo o xénero. Galicia, España e provincias

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir dos microdatos da Encuesta de Estructura Salarial elaborada polo INE